

Promoción Estilos de Vida Saudables

2º ESO - IES MONELOS

Curso 2019/20

Índice

<i>1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</i>	3
<i>1.1 Introducción</i>	3
<i>1.2 Contextualización</i>	4
<i>2. METODOLOXÍA</i>	4
<i>3. RELACIÓN DA MATERIA COAS COMPETENCIAS BÁSICAS</i>	5
<i>4. OBXECTIVOS</i>	6
<i>4.1 Obxectivos xeráis aos que contribúe</i>	6
<i>4.2 Obxectivos específicos da asignatura</i>	7
<i>5. CONTIDOS E UNIDADES DIDÁCTICAS</i>	8
<i>5.1 Contidos</i>	8
<i>5.2 Unidades Didácticas</i>	9
<i>6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</i>	10
<i>6.1 Cualificación e porcentaxes</i>	10
<i>6.2 Mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva</i>	11

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1 INTRODUCCIÓN

O concepto de saúde, tradicionalmente entendido como ausencia de enfermidade fun ampliándose a través do tempo até chegar á definición proposta pola Organización Mundial da Saúde (O.M.S.) que nos fala do, “estado de completo de benestar físico, psíquico e social”.

Diferentes organismos tanto nacionais como internacionais, alertan sobre o crecente aumento do sedentarismo e de condutas alimenticias pouco apropiadas na poboación infantil e xuvenil. Recentes estudos publicados na “Revista Española de Cardiología”, sitúan á Comunidade Autónoma de Galicia (conxuntamente con Asturias e Andalucía) á cabeza nos índices de obesidade de España.

Co obxectivo de proporcionar ao alumnado unha orientación educativa axeitada en materia de saúde e lograr así unha formación persoal integral que contribúa a reverter os datos obxectivos de obesidade, desde o departamento de Educación Física do IES Monelos, expuxemos a incorporación desta nova materia dentro da oferta educativa do noso centro.

Entre os obxectivos da educación expostos para a ESO, regulada polo *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, da Comunidade Autónoma de Galicia*, inclúense “Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o doutras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade.

Valorar críticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.”

Tal e como establece o currículo da materia de Promoción de Estilos de Vida Saudable, a mesma estará dividida en dous grandes bloques de contidos, “Actividade física e Saúde” e “Alimentación para a Saúde”. No primeiro bloque, farase fincapé no coñecemento dos efectos positivos para a saúde que supón levar unha vida activa, permitindo ao alumno avaliar de forma básica o seu nivel de actividade física, e pondo en práctica un plan de intervención para mellorar a súa condición física. No segundo bloque, perseguirase que o alumno adquira as competencias necesarias, para afianzar uns hábitos de alimentación e hidratación saudables tanto durante a práctica de actividade física, como durante a súa vida cotiá.

1.2 CONTEXTUALIZACIÓN

As características xerais do alumnado, das instalacións, do profesorado e do contorno deste centro, aparecen descritas con máis detalle no Proxecto Educativo do Centro. Todo iso vai ir variando ó longo dos anos o que fai necesario prestar unha constante atención ó tratamento da diversidade buscando unha educación comprensiva e respectando o principio de equidade sinalado pola LOMCE.

O IES Monelos é un centro de titularidade pública financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Atópase na cidade da Coruña, no barrio de Monelos.

Na actualidade estanse a impartir 2 modalidades educativas: Educación Secundaria Obrigatoria (1º, 2º, 3º e 4º), con dous grupos de PMAR (2º e 3º), e o Bacharelato (1º, 2º). A matrícula total, es de aproximadamente uns 500 alumnos.

En canto á práctica deportiva extraescolar por parte do alumnado, podemos dicir que é moi variada, destacando un gran número de alumnos procedentes do colexio San Francisco Javier (colexio adscrito) onde hai un club de Balonmán.

Os alumnos matriculados pertencen na súa maioría ao mundo urbano, non dependen do transporte escolar, e conviven diversidades económicas, sociais e culturais.

É necesario resaltar que imos traballar con alumnado de idades comprendidas entre os 12 e os 13 anos., e que os mesmos están nun momento de grandes cambios tanto de tipo físico, como emocional ou intelectual, durante o cal a adquisición de patróns de conduta axeitados, cobre a máxima importancia. Isto supón que debemos conxuga-as propostas que facemos como docentes, coa busca progresiva dunha maior autonomía e responsabilidade persoal por parte deles. Nesta materia concreta, isto é aínda máis importante.

2. METODOLOXÍA

Durante as sesións propórase unha metodoloxía fundamentalmente práctica e participativa, coa creación de grupos de traballo que favorezan un tipo de aprendizaxe cooperativa. O profesor actuará como mediador guiando aos alumnos na resolución dunha serie de “retos” que os mesmos deberán afrontar, cada un desde a súa responsabilidade individual, para alcanzar os obxectivos do equipo.

Establecerase así, unha relación de interdependencia positiva entre as persoas que compoñen o grupo, promovendo situacións comunicativas para que as alumnas e os alumnos, de maneira guiada ao principio e progresivamente de forma autónoma, implíquense persoalmente nas estratexias colectivas.

Será necesario partir da análise do contexto e detección das necesidades do alumnado, así como, os activos ou aspectos favorecedores da saúde no centro para establecer as prioridades e concretar os obxectivos específicos de cada liña de intervención.

Polo tanto, as liñas de actuación nesta materia, han de encamiñarse cara a:

- Educación no coidado do corpo e para a adquisición de hábitos e actitudes saudables e a mellora da calidade de vida
- Educación na utilización construtiva do lecer, mediante a práctica de actividades físicas.
- Educación para a mellora das relacións interpersoais a través da actividade física
- Educación no consumo responsable e saudábel
- Aprendizaxe activa. O proceso mediante o cal se produce a aprendizaxe significativa require unha intensa actividade por parte do alumnado, que debe establecer relacións entre o novo coñecemento e os seus esquemas previos, reflexionando acerca da importancia da alimentación saudable e a actividade física para prevención de enfermidades.
- Aprender a aprender. Con algunhas actividades preténdese que o alumnado sexa capaz de realizar aprendizaxes significativas por si só.
- Concepción do profesorado como guía, como mediador entre os materiais, as actividades. O seu papel será o de condutor do proceso de aprendizaxe.
- O estilo de ensino-aprendizaxe predominante, será por tanto o descubrimento guiado.

3. RELACIÓN DA MATERIA COAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A materia de Promoción de Estilos de Vida Saudables contribúe de xeito directo á consecución das seguintes competencias básicas:

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Competencia Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Competencia Conciencia e expresións culturais (CCEC).
- Competencia Aprender a aprender (CAA).
- Competencia Dixital

Respecto á competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, a materia *proporciona coñecementos e destrezas sobre determinados hábitos saudables que acompañarán ós mozos máis alá da etapa obrigatoria. Ademais, achega criterios para o mantemento e mellora da condición física*, sobre todo daquelas cualidades físicas asociadas á saúde: resistencia cardiovascular, forza-resistencia e flexibilidade.

No caso da competencia social e cívica, as actividades propostas pretenden *facilita-la integración e fomenta-lo respecto*, á vez que *contribúen ó desenvolvemento da cooperación, a igualdade e o traballo en equipo*.

Respecto a competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, a materia

otorgará protagonismo ao alumnado en aspectos de *organización individual e colectiva de xornadas e actividades físicas, e en aspectos de planificación de actividades para a mellora da súa calidade de vida.*

Contribúe tamén á adquisición da competencia conciencia e expresións culturais. *Á expresión de ideas ou sentimentos de forma crítica respecto a súa propia imaxe persoal y a los estereotipos creados por la sociedade relacionados con el modelo corporal.*

Noutro sentido, a materia está *comprometida coa adquisición dunha actitude aberta e respectuosa ante a opinión del outro.*

A materia contribúe á consecución da competencia para aprender a aprender *ó ofrecer recursos para a planificación de determinadas actividades físicas a partir dun proceso de experimentación.* Todo iso permite que o alumnado sexa *capaz de regula-la súa propia aprendizaxe e práctica da actividade física no seu tempo libre, de forma organizada e estruturada.* Así mesmo, desenvolve habilidades para o traballo en equipo en diferentes actividades individuais e colectivas.

Respecto da competencia dixital, colabora non uso das novas tecnoloxías como ferramentas para a achega de información, e a planificación e posta en marcha de diferentes actividades, de face a mellora da súa saúde.

4. OBXECTIVOS

4.1 OBXECTIVOS XERAIS A OS QUE CONTRIBÚE

A materia contribuirá ao desenvolvemento dos seguintes obxectivos xerais da LOMCE

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e

das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuindo á súa conservación e á súa mellora.

4.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ASIGNATURA

Os obxectivos da materia de Promoción de Estilos de Vida Saudables terán como referente o gran obxectivo xeral da Educación Nutricional:

“Establecer as relacións entre nutrición, saúde, condutas alimentarias e estilos de vida”. Agruparanse en tres bloques:

Dar a coñecer:

A relación entre alimentación, actividade física e saúde.

Os principais problemas de saúde derivados dos cambios nos “estilos de vida, sociais e laborais”

Valorar e sensibilizar acerca da importancia de:

Previr desde a infancia e a adolescencia o incremento de enfermidades relacionadas cunha inadecuada alimentación e inactividade física.

Fomentar e potenciar:

Os beneficios para a saúde dunha alimentación sa e equilibrada e a práctica de actividades físicas.

5. CONTIDOS e UNIDADES DIDÁCTICAS

5.1 CONTIDOS

Os contidos se distribuirán en dous grandes bloques:

1- Actividade Física e Saúde

2- Alimentación para a saúde

<i>Actividade Física e Saúde</i>			
Contidos	Craterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Tipo
Actividade física como hábito de vida saudable: como, cando, onde, canta e por que.	Coñecer a relación entre a práctica regular de actividade física e a saúde.	Coñece os beneficios para a saúde da práctica regular de actividade física, así como os efectos adversos da inactividade.	B
		Identifica os principais parámetros de saúde axeitados para a súa idade, e relaciona a actividade física idónea para a súa mellora.	B
Avaliación e análise da postura, da composición corporal e da actividade física saudable realizada.	Avaliar a postura, a composición corporal, a actividade física desenvolvida e a inactividade, aplicando sistemas sinxelos e as novas tecnoloxías.	Coñece e avalía a súa postura, a composición corporal (talla, peso, IMC, etc.), a actividade e inactividade física diaria, a tensión arterial, etc., aplicando sistemas sinxelos e as novas tecnoloxías.	A
		Elabora, analiza e avalía un diario da súa actividade física desenvolvida durante un período de tempo acordado.	B
Plans e estratexias para o incremento da actividade física diaria e para a redución dos períodos de inactividade.	Aplicar un plan para o incremento da actividade física saudable ao longo do día, utilizando os recursos dispoñibles no contorno.	Elabora un plan para o incremento da súa actividade física diaria, reducindo os tempos de inactividade (televisión, teléfono móbil, etc.) e os desprazamentos con motor, e comprométese a pólo en práctica durante un período de tempo acordado de xeito individual ou en grupo.	A-B
		Localiza e utiliza os recursos dispoñibles no seu contorno para a realización de actividade física saudable.	A
Organización e promoción da práctica de actividade física diaria.	Deseñar, organizar e difundir actividades para fomentar o incremento da práctica de actividade física diaria	Deseña, utiliza e difunde un plan de mobilidade peonil e/ou en bicicleta no seu contorno e/ou a súa localidade.	A
		Deseña, utiliza e difunde unha guía para o incremento da actividade física na vida cotiá.	B
		Organiza, nun medio tanto natural como urbano, actividades para a difusión, o fomento e a práctica de actividade física saudable en grupo (familia, grupo clase, centro, amizades, etc.).	A-B
<i>Alimentación para a Saúde</i>			
Alimentación como hábito de vida saudable. Beneficios e riscos para a saúde derivados da dieta. Modelos de dieta atlántica e mediterránea como patróns alimentarios saudables	Valorar a alimentación como un hábito de vida saudable e as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, o sexo e a actividade física diaria	Coñece as recomendacións dietéticas e de hidratación, a importancia para a saúde dunha alimentación sa e equilibrada (variada, suficiente, etc.), e os riscos para a saúde da inxestión desmesurada de produtos azucrados, salgados, etc.	B
		Identifica os alimentos e as recomendacións que propoñen os modelos de dieta atlántica e mediterránea, e os seus beneficios.	B
Inxestión alimentaria e hidratación segundo as recomendacións saudables máis adecuadas á súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria.	Analizar e avaliar de xeito sinxelo a inxestión habitual e a hidratación, e coñecer as recomendacións de inxestión máis adecuadas á súa idade, ao seu sexo e á súa actividade física diaria.	Rexistra, analiza e avalía a súa propia inxestión durante un período de tempo acordado, tendo en conta as recomendacións para a súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria.	A
		Coñece as recomendacións de inxestión alimentaria e hidratación adecuadas á súa idade, ao seu sexo e ao seu nivel de actividade física diaria.	B
		Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar hábitos tóxicos relacionados coa alimentación (anorexia, drogas, alcohol, tabaco, etc.).	B-C
Deseño de propostas dietéticas sinxelas. Estratexias para a incorporación das recomendacións de alimentación e hidratación como hábito de vida saudable	Deseñar, utilizar e difundir estratexias para a adquisición de hábitos de alimentación e hidratación saudables.	Deseña, utiliza e difunde unha guía para aplicar as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, ao sexo e á actividade física diaria, e comprométese a aplicala durante un período de tempo acordado.	A-B
		Deseña e elabora unha proposta de almorzos e merendas saudables, respectando as recomendacións dietéticas para a súa idade, o seu sexo e o seu nivel de actividade física, e comprométese a desenvolvela durante un período de tempo acordado.	A-B

Estratexias para a selección de alimentos e bebidas, que permitan o cumprimento das recomendacións. Etiquetaxe nutricional dos alimentos e das bebidas.	Facer unha escolla axeitada de alimentos e de bebidas á súa idade, ao seu sexo e á súa actividade física diaria, valorando criticamente as indicacións da etiquetaxe dos produtos	Elabora unha lista da compra semanal, respectando as recomendacións dietéticas segundo a idade, o sexo e a actividade física diaria	B
		Interpreta correctamente e de xeito básico a etiquetaxe nutricional dos produtos alimenticios, identificando os valores recomendados para a súa saúde.	B

5.2 UNIDADES DIDÁCTICAS

Partindo dos dous bloques de contidos, desenvolveranse dúas unidades didácticas por trimestre, co obxectivo de brindar ao alumnado un abanico de información, actividades e experiencias, que contribúan á toma de conciencia sobre a importancia de levar unha vida sa e activa

Primeiro trimestre

- 1- *“Máis alto, máis forte, máis lonxe, máis san”*: Nesta UD brindarase ao alumno a posibilidade de descubrir e experimentar diferentes tipos de actividade física dentro e fóra do centro educativo, co obxectivo de que tome conciencia de mellora na calidade de vida, que as mesmas producen.
- 2- *“Cinco comidas, cinco pasos de Saúde”*: UD dedicada á elaboración de menús saudables (segundo as recomendacións de consumo da Pirámide Delta de Alimentación). Propóranse actividades de procura de información sobre os hábitos alimenticios da súa contorna próxima (familia, veciños, amigos), elaboración de listas da compra saudable, interpretación de etiquetaxe, etc

Segundo trimestre

- 3- *“Organiza o teu tempo libre”*: Nesta UD, guíarase aos alumnos na elaboración e posta en marcha de diferentes actividades (individuais e grupais) tendentes a incrementar a súa actividade física, e a reducir os períodos de inactividade durante o seu tempo libre.
- 4- *“Saúde e alimentación”*: O principal obxectivo desta UD será concienciar aos alumnos sobre as causas e consecuencias dunha mala alimentación. Diferentes modelos de dieta, alimentación adecuada segundo idade e actividade física diaria. Trastornos da alimentación (obesidade, anorexia e bulimia). Para iso, levarán a cabo traballos de investigación e dinámicas de grupo.

Terceiro trimestre

- 5- *“Un centro educativo máis activo”*: Nesta UD o alumnado analizará os espazos cos que conta o centro escolar para a práctica de actividades físicas, propondo e realizando actuacións que inflúan na súa mellora e que promovan a práctica de actividades física. Experimentará a organización e posta en marcha de actividades dentro do centro.

- 6- “*Promotor de Saúde*”: Durante esta UD levará a cabo un labor de investigación acerca das principais iniciativas a nivel internacional, estatal e rexional dirixidas cara á promoción da alimentación saudable e a actividade física e guiarase aos alumnos na elaboración dun plan para levar a cabo na súa contorna próxima.

6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Tal e como o establece o *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*, a avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, e deberá terse en conta desde todas as materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

Seguindo a mesma liña de actuación que na materia de Educación Física, a avaliación farémola tanto de forma subxectiva como obxectiva recurrido así, tanto a técnicas e procedementos de observación coma de experimentación. Así empregaremos instrumentos variados, que vaian acorde co tipo de avaliación, cos contidos, cos obxectivos, cos alumnos, etc.. Para iso usaremos: test de condición física, fichas de observación (rexistros de acontecementos), listas de control, rúbricas, diarios ou informes, exames e realización de traballos en clase ou fora dela. Tamén (tendo en conta as características da materia) a auto-avaliación e co-avaliación dos alumnos, buscando con iso a súa implicación persoal, o seu espírito crítico e a súa autonomía.

6.3 CUALIFICACIÓN E PORCENTAXES

A cualificación da materia se establecerá tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe, e segundo as seguintes porcentaxes establecidas para cada un deles:

A sumatoria das notas obtidas en tódolos estándares de aprendizaxe, nos que primen aspectos de carácter mais práctico (Tipo A): Suporá un 45% da nota da avaliación.

Nota: a asistencia a clase e a práctica é obrigatoria: cada día que non se xustifique a ausencia á clase ou a non participación activa na mesma, suporá **0,3 punto menos**.

- ✓ Valoración da práctica: realizarase mediante un seguimento durante as sesións, valorándose o traballo diario

- ✓ Exame práctico: sobre os contidos desenvolvidos en clase, por medio da utilización de rúbricas, que será unha nota máis das recollidas no traballo do día a día.
- ✓ Preguntas durante as clases de tipo procedimental con resposta positiva: + 0,2; con resposta negativa: -0,2 (ata un máximo de 1 punto), que se aplicará a nota final deste apartado.

A sumatoria das notas obtidas en tódolos estándares de aprendizaxe, nos que primen aspectos de carácter mais teórico (Tipo B): Suporá un 45% da nota da avaliación.

- ✓ Traballos de investigación, recompilación ou monográficos
- ✓ Caderno de actividades.
- ✓ Exames orais individuais e gripais*

* Preguntas durante as clases de tipo conceptual con resposta positiva: + 0,2; con resposta negativa: -0,2 (ata un máximo de 1 punto), que se aplicará a nota final deste apartado.

Nota: no caso de obter unha nota inferior a 3 neste apartado, dita nota non fará media para a avaliación.

A sumatoria das notas obtidas en tódolos estándares de aprendizaxe, nos que primen aspectos de carácter mais relacionado co a actitude (Tipo C): Suporá un 10% da nota da avaliación.

- ✓ Actitude positiva de cara á materia.
- ✓ Aseo diario despois da práctica.
- ✓ Coidado e recollida do material.
- ✓ Utilización de indumentaria deportiva *
- ✓ Respecto a toda a comunidade educativa **
- ✓ Respecto a instalación e material.
- ✓ Respecto a os coidados e principios básicos da educación para a saúde
- ✓ O non traer o material mínimo esixido, non se permitirá a práctica deportiva.

*A asistencia a clase sen a roupa axeitada, descontará da nota 0,3 puntos

**Cada falta de respecto, (ademais da sanción disciplinaria que poidera conllevar), suporá a perda de 0,5 puntos da nota actitudinal

6.4 MINIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCION DUNHA AVALIACION POSITIVA

Para conseguir supera-la materia na *convocatoria ordinaria* vai ser necesario:

- ❑ Alcanzar os niveis mínimos competenciais, a través dos estándares de aprendizaxe propostos para o curso, xa que serán o referente para valorar se se lograron os obxectivos xerais, en termos de capacidades, establecidos para a devandito curso.
- ❑ ***Obter na cualificación final unha nota igual ou superior a cinco puntos***, tendo presente que en cada trimestre a nota obtense de sumar a puntuación obtida, nos diferentes estándares de aprendizaxe, en cada unha das unidades didácticas.

No caso de non supera-la materia na convocatoria ordinaria deberá presentarse á convocatoria extraordinaria, na que é necesario que demostre os seus coñecementos a nivel conceptual e procedimental. A cualificación obterase de suma-los logros ***cognitivos (30%) cos motores (70%)***. O referente para a avaliación serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos para ese curso.

Departamento de Educación Física

Juan Carlos Riera Permuy – Xefe de Departamento

A Coruña, 17 de Septiembre de 2019